

## SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 30 DE ABRIL DE 2020

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e quince minutos do día trinta de abril de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. Jesús Fernández García; D. Luis Varela Pérez; D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; D<sup>a</sup> Begoña Seco Varela; D<sup>a</sup> Elvira Lombao Vila; D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández e D<sup>a</sup> María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Con carácter previo ao inicio da sesión gárdase un minuto de silencio en recordo ás vítimas do COVID-19.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 27 DE FEBREIRO E 9 DE MARZO DE 2020**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros as actas correspondentes á sesión celebrada o día 27 de febreiro de 2020 e as dúas sesións celebradas o día 9 de marzo de 2020.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, don Xavier Molinos, solicita que no punto quinto da orde do día, relativo á moción para que o Goberno do Estado pague as súas débedas coas CCAA, conste que o BNG votou a favor, xa que, a diferenza dos outros puntos da orde do día onde se especifica o voto de cada quen, neste punto non se especifica quen votou a favor.

Sométese a votación a aprobación de dita acta coa salvidade indicada.

Realizada a votación, as actas resultan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes.

### **2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE SOBOR MEDIDAS A ADOPTAR POLA CRISE SANITARIA DO COVID-19**

Iníciase o tratamento de este punto da orde do día coa intervención da concelleira do PsdG-PSOE, quen lamenta que non fixese esta sesión con medios telemáticos.

A continuación asume a defensa da seguinte moción:

*“A Concelleira M<sup>a</sup> del Carmen Acacio López Socialista no Concello de Outeiro de Rei, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:*



*Que ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e 46.2 da Lei 11/1999 do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:*

**MOCIÓN**

Rematada a defensa da moción fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, quen expresa a súa solidariedade con tódalas persoas que perderon a vida por conta de esta enfermidade e, sobre todo, con tódalas persoas que perderon a vida por falta de recursos sanitarios, debido, en gran medida, ao enorme recorte en recursos sanitarios que se fixo nos últimos dez anos. Neste momento temos que valorar de verdade o que vale a sanidade pública para que esto non volte a acontecer.

Comparte a opinión da compañeira socialista segundo a cal non ten sentido que este tipo de reunións non se faga de xeito telemático, xa que un concello moderno ten que se capaz de poder organizar un pleno por medios telemáticos. E se o Concello non é capaz de facelo, é que quen o rixe non ten capacidade para exercer o seu posto. De feito, esta sesión tiña que celebrarse moito antes telemáticamente para afrontar esta crise.

No que atinxe á moción afirma compartir o seu contido, e considera que se complementa coa presentada polo BNG e que se tratará no seguinte punto da orde do día, polo que anuncia o seu voto favorable, se ben considera que prefire falar de persoas antes que de empresas.

O voceiro do PP sorpréndese de que a concelleira do PSOE quíxese de que non faga un pleno telemático ou que inste a que se reúna o Goberno municipal cos grupos da oposición cando os propios membros do Goberno do Estado saltáronse o confinamiento, ou cando o Goberno do Estado está a tomar tódalas medidas sen contar nin escoitar a ninguén e, o que é peor, que os cidadáns teñan que agardar até as 12 da noite para coñecer a través do BOE as medidas adoptadas porque os membros do Goberno están a discutir ata o último minuto o contido dos textos que anunciaron horas antes nas rodas de prensa.

E afirman todo iso coma se tiveran unha gran autoridade moral. Recorda cómo fai uns anos, cando gobernaba o PP xuridiu unha crise sanitaria na que un misionero chegou do estranxeiro infectado co Ébola. A pesares de que non sucedeu nada os socialistas non soamente pediron a dimisión do Gobeno, senon que se fartaron de chamalo “asesino”. Nunha crise na que houbo soamente un morto infectado no estranxeiro. ¿Qué farían e qué dirían agora se estivese gobernando do PP?.

Asemade lamenta que se afirme que a crise sanitaria débese aos recortes na sanidade, xa que o PSOE leva xa dous anos gobernando, e os recortes feitos no seu día son consecuencia directa, precisamente, de unha gravísima crise económica causada polo Goberno do PSOE de Zapatero.

A situación á que nos levou a xestión do Goberno é gravísima, hai miles e miles de mortos namentres o Goberno non suministra os equipamentos básicos a médicos nin a policía. O Goberno



négase a esixir o uso da mascarilla polo único motivo de que non foi quen de garantir o suministro á poboación cando xa van dous meses dende o inicio da crise. Pola contra, este Concello xa fixo dous repartos de mascarillas entre a poboación municipal.

A realidade é que, coma xa dixo un dictador socialista fai uns anos, un morto é unha traxedia, miles de mortos é unha estadística. Vostedes lograron converter unha traxedia nunha estadística.

En relación ao contido da moción recorda que quen ten a obriga de axudar ás empresas é o Goberno da Nación, e advirte que o xeito no que o están facendo, condicionando os ERTES levará a o peche a moitas empresas. Pero claro, para a esquerda as empresas non contan, prefiren “falar das persoas”, coma si os traballadores que se van ao paro porque pechan as empresas non foran persoas.

Nembargantes, este Concello xa adoptou medidas nesta línea. A semana pasada adoptouse un acordo para aprobar unha línea de axudas ás empresas que tiveron que pechar durante máis de quince días como consecuencia do COVID. Estas axudas cubrirán os importes dos suministros básicos do bimestre.

Asemade, o Concello seguirá a prestar asistencia social a quen a necesite, e seguirá facéndo dentro duns meses, cando a situación económica agravarase moitísimo como consecuencia da absoluta falta de previsión do Goberno nesta crise.

E desta situación é responsable o Goberno do PSOE e máis do BNG por axudar a investilo. Dunha situación na que España é o país que está a xestionar peor a crise e no que se está a ocultar información permanentemente. Onde máis mortos hai por habitante, que é un dato estadístico obxectivo, non unha opinión.

O resultado será un país devastado, onde a pesares de que a esquerda afirma que non quere deixar a ningún na cuneta a realidade é que crearán millóns de parados.

O Concello dará de comer a quen lle faga falta, agora ben, o que non pode facer é pagar os ERTES daqueles traballadores a quenes o Goberno non lles paga a pesares do tempo transcurrido.

Conclúe recordando que o Concello está a repartir alimentos a quen os necesita; que aprobou unha línea de axudas ás empresas que tiveron que pechar durante máis de quince días e que se reforzou a acción de emerxencia social a fin de subvencionar entre o 50% e o 100% das taxas municipais a aquelas persoas en situación difícil.

E con esto o Concello está facendo o que pode facer, xa que o Concello non pode pedir un crédito para facer o que queira, nin tan sequera pode empregar os seus remanentes de crédito libremente. Por tal motivo quen ten capacidade para facer isto é o Goberno.

A voceira do PsdG-PSOE recorda ao Alcalde que está en Outeiro de Rei, polo que non ten sentido facer un mitin de política nacional. Aquí debemos debatir as políticas locais e pregúntase cándo se implantarán as medidas que anunciou. Cándo estemos na nova normalidade?.



O Concello de Lugo xa adoptou moitas medidas de axuda coma as recollidas na moción, namentres neste concello non se fixo nada. Si acaso o reparto de unhas poucas mascarillas.

O voceiro do BNG comparte que o Goberno do Estado fixo unha nefasta xestión, especialmente no que atinxe ao mando único, que quitoulle á responsabilidade ao incompetentes e dalles a excusa perfecta para que se laven as maos. A Feijoo puxéronlle en bandexa as eleccións autonómicas. Non se lle poden achacar as consecuencias da súa mala xestión no relativo á saúde pública porque precisamente coa crise na sanitaria retiráronlle as competencias.

Tamén comparte a negrura nas previsións de futuro. A crise do ano 2008 farase pequena en relación ao que ven. Coa crise financeira o PP votou no lombo dos traballadores e autónomos todo o peso dos recortes para que os banqueiros poidesen cobrar dividendos. Moito me temo que neste caso as axudas serán insuficientes e que se repetirá en parte aquela situación.

Por tal motivo insiste en que se axuden ás persoas, non aos “entes”, e que se establezan criterios obxectivos no outorgamento das axudas. Non pode ser que ningún teña que ir ao Alcalde a pedirlle unha axuda á que ten dereito, coma si se tratase dun besamans. Isto parece a película novecento. Non lle estrañaría que o Alcalde tivese un anel no caixón para que llo biquen os veciños.

Remata pedindo medidas moi concretas: Que aqueles veciños que non cobran e que, consecuentemente non teñen con qué pagar, que non teñan que pagar os impostos. Seguramente isto non será suficiente, xa que ademáis de non pagar terán que vivir, pero polo menos será un primeiro paso.

Dicrepa que o Concello non teña que facer nada mentres non o fagan os outros, xa que o Concello é a Administración de primeira línea, a Administración que primeiro ten que atender aos veciños.

O Alcalde invítalle a que, si lle parece que a xestión do PSOE foi tan nefasta, que lle retiren o apoio.

Afirma que as líneas de axuda que aprobou o Concello son totalmente transparentes e obxectivas, e a decisión sobor a concesión a unha persoa en concreto nunca será do Alcalde, senón dos técnicos dos servizos sociais.

En relación ao Concello de Lugo, se ten tantos cartos será porque no seu momento non os gastou.

Rematado o debate sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con catro votos a favor da súa aprobación pertencentes aos concelleiros do PsdG-PSOE e máis o BNG, e seis votos en contra.

**3. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á INSTAR AO ÓRGANO COMPETENTE A APROBAR UNHA LIÑA DE SUBVENCIONS**



## PARA QUE AS PERSOAS AFECTADAS POLA CRISE DA COVID-19 POIDAN FACER FRONTE AO PAGO DOS IMPOSTOS MUNICIPAIS

A continuación o voceiro do BNG inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

*Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:*

### MOCIÓN RELATIVA Á INSTAR AO ÓRGANO COMPETENTE A APROBAR UNHA LIÑA DE SUBVENCÍONS PARA QUE AS PERSOAS AFECTADAS POLA CRISE DA COVID-19 POIDAN FACER FRONTE AO PAGO DOS IMPOSTOS MUNICIPAIS

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*A grave situación sanitaria que estamos a padecer por mor da Covid-19 está a provocar como efecto directo unha crise social e económica de consecuencias que aínda a día de hoxe son imposibles de calcular, pero que de seguro están a ter no presente, e terán no futuro, uns efectos devastadores en moitas persoas do noso concello, ao igual que no resto do país.*

*Son moitas as familias que están a quedar con todos os seus membros no desemprego, con subsidios raquíuticos e temporais ou con autónomos que da noite para a mañá atópanse sen ningún ingreso, tendo que manter ademais moitos dos gastos que a súa actividade lles orixinaba.*

*Dende o BNG levamos mantendo dende sempre que todas as administracións deben ter como obxectivo primordial a protección das persoas que nun momento dado, por unhas razóns ou por outras, quedan desprotexidas, sen os recursos suficientes para poder levar unha vida digna.*

*Esta obriga é aínda moito máis imperativa cando se rata da Administración Local, pois é a primeira liña de contención para todas estas necesidades, é o primeiro lugar ao que acode a cidadanía cando necesita axuda dunha Administración, e é a Administración que está, ou debera estar, máis preto da persoa, a que mellor pode saber o que necesita e a que antes pode acudir no seu auxilio.*

*Neste caso de extrema necesidade na que se vai sumir unha parte da nosa veciñanza, o concello de Outeiro non pode “mirar para outro lado”, máis ben todo o contrario, debería poñer todos os recursos dispoñibles para garantir que os efectos desta crise non volvan a recaer unha vez máis na xente máis desprotexida: nas traballadoras, nos autónomos, nas persoas xubiladas, na mocidade, ....*

*Calquera sistema fiscal debera estar sustentado na lóxica da progresividade: un cidadán paga impostos segundo o que ingrese e se non ingresa, non pode pagar. Isto, que é o máis lóxico, leva rompéndose de forma sistemática dende hai anos con todos os impostos, pero no caso do IBI é aínda máis claro, pois tanto paga un millonario como unha persoa asalariada con soldo base ou unha persoa xubilada coa mínima pensión.*



*Tendo en conta todo isto, non pode ter sentido que se lle tente cobrar a IBI ou o imposto de rodaxe ás familias que quedaron sen ingresos ou cando os que teñen non lles chega para cubrir os gastos mínimos.*

*O concello ten que demostrar un mínimo de sensibilidade coas persoas e debe poñer en marcha todos os mecanismos necesarios para que, cando menos, o cobro dos tributos municipais non axude a agravar aínda máis a situación de toda esta xente damnificada economicamente por esta pandemia.*

*Dado que somos conscientes que o sistema é “brutal” cando se trata de protexerse a si mesmo e non permite eximir a ninguén de pagar os impostos, aínda que non poida pagalos, a saída legal que moitas administracións están tomando nestes casos e a da subvención, pois cóbranlles os impostos que a lei obriga e, ao mesmo tempo, subvenciona con criterios obxectivos a aquelas persoas que no teñen os ingresos suficientes para poder pagalos.*

*Por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política de facer sempre propostas construtivas, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción do seguinte*

*ACORDO: O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde, ou aos organismos do concello que corresponda, para que poña en marcha os mecanismos necesarios para a promulgación dunha liña de subvencións coas seguintes características: - As subvencións estarán destinadas a paliar os gastos derivados do pago dos impostos municipais (IBI, Vehículos, ...) a aquelas familias que teñan uns ingresos minorados dun xeito importante a causa a crise económica orixinada pola Covid-19. - As bases da subvención conterà dun xeito moi claro a escala que marcará a concesión destas axudas e as condicións que se deben cumprir para ter dereito a ela. - Ás bases destas axudas daráselles toda a publicidade posible para garantir que toda a cidadanía do concello sexa coñecedora destas posibilidades”.*

Fai uso da palabra a voceira do PsdG-PSOE, quen considera que non sería legal recadar uns impostos e logo subvencionalos cos custes de xestión que elo conlevaría, e cita un parágrafo dunha sentenza do Tribunal Supremo no que se declara a ilegalidade de establecer beneficios fiscais si non están previstos na lei.

Por tal motivo considera que algo semellante podería conseguirse aprazando o pago do IBI en dous prazos, tal e como se indica nunha pregunta presentada para o seu tratamento na presente sesión plenaria.

O Alcalde considera que si que se podería outorgar unha subvención con tal finalidade, agora ben, neste concello o pago do imposto faise a finais de ano, motivo polo que non se pode aprazar máis nin emular en dito aprazamento a aqueles concellos que o cobraban moito antes e retrasaron o seu cobro até final de ano.



Recorda que xa informou que o Concello reforzou a acción de emerxencia social de xeito que abrangue o pago dos impostos municipais, e que ditas achegas outórganse con base a criterios obxectivos, xa que a emerxencia social outórgase en base a unhas tablas aprobadas pola Xunta de Galicia que establece os umbrais de ingresos por membro da unidade familiar que habilitan a súa concesión. Por tal motivo non existe unha concesión discrecional polo Alcalde, senón que a concesión está perfectamente reglada e a súa procedencia ten que apreciála á traballadora social.

En calquer caso, ditos recibos non chegarán até final de ano, así que chegados alí evaluarase a situación social e económica, xa que non se pode esquecer que os restantes servizos teñen que seguir a prestarse. Insiste en que o Concello seguirá a traballar coma está a traballar, garantindo o suministro de alimentos a quen o necesite e, nos supostos de emerxencia social, os servizos sociais irán máis aló, incluíndo achegas para o pagamento dos servizos municipais básicos.

Isto non significa que non poidan outorgarse aprazamentos coma xa se estaban a conceder, xa que a situación de ausencia de ingresos pode ser temporal, coma no suposto dos ERTES.

O voceiro do BNG recorda que a legalidade da proposta xa foi debatida neste pleno no ano 2016 e que xa daquela asesorárase e comprobou cómo diversas sentenzas ratificaron a legalidade na concesión de axudas coma a proposta. Cuestión diferente é a concesión de beneficios fiscais non previstos na Lei e que rematou con varias inhabilitacións de Alcaldes.

O feito de que o Concello garanta o suministro de alimentos xa se supón. Soamente faltaría que un Concello permitise que un veciño non tivese para comer. Aquí vamos máis aló xa que pretendemos que aquelas unidades familiares que non teñan ingresos dabondo para levar unha vida digna non teñan que pagar os seus impostos.

E trátase nesta moción do IBI xa que moitos impostos, coma o IRPF son progresivos, de xeito que si non ingreso non pago. Pero o IBI non é así, polo que non ten en conta os ingresos do suxeito pasivo. Por este motivo o aprazamento non é a solución, xa que si non cobro o que se fai é acumular a débeda, polo que se apraza o problema, non se soluciona.

E ditas axudas deberían otorgarse con criterios transparentes como fan as restantes Administracións públicas; Coa publicación oficial dos criterios obxectivos de concesión, coa apertura dun prazo para a súa solicitude por escrito e coa posibilidade de que, no suposto de que a axuda sexa denegada, o solicitante poida recurrir dita denegación.

A voceira do PsdG-PSOE insiste na ilegalidade da proposta contida na moción. Por outra banda, a palabra subvención non lle parece ética neste contexto, motivo polo cal non pode apoiar a moción.

O Alcalde considera que non se pode desvotar o aprazamento, xa que hai casos onde existen ingresos, polo que tamén existe a posibilidade de pagar os impostos.



En relación á línea de axudas ás empresas e autónomos para pagar as taxas municipais, as bases recollerán os criterios de concesión perfectamente detaxados e se publicarán no medio oficial correspondente. E como non pode ser doutro xeito, os interesados deberán solicitalo por escrito e se lles responderá motivadamente tamén por escrito. Isto é de sentido común, parece que están descubrindo a pólvora.

En calquer caso, estas bases poderán modificarse no futuro para ampliar ou reducir as axudas en función de cómo evolucionen as circunstancias.

Rematado o debate sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con tres votos a favor da súa aprobación pertencentes aos concelleiros do BNG, seis votos en contra pertencentes aos concelleiros do PP e unha abstención, pertencente á concelleira do PsdG-PSOE.

#### **4. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO AO ARRANXO DA PONTE DE SAN ESTEBO**

O voceiro do grupo municipal do PP inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

*“José Pardo Lombao, na súa calidade de voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL O ARRANXO DA PONTE DE SAN ESTEBO*

##### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O permanente abandono pola Deputación Provincial de Lugo da súa obriga de conservar a rede viaria da súa titularidade está a acarrear unha serie de consecuencias que van máis aló da paulatina conversión das iniciais fochancas en auténticas foxas na plataforma viaria das estradas provinciais.*

*Á afeción sobor a funcionalidade e seguridade viaria das estradas provinciais engádese o seu paulatino peche e, consecuentemente, o gradual illamento de extensas zoas to termo municipal.*

*Un exemplo de este illamento e distancia social forzada imposta pola Deputación Provincial o constitúe a Ponte de San Estebo.*

*Esta Ponte, ante a total e absoluta ausencia de actuacións de conservación, foi degradándose de tal xeito que, unha vez constatada a perda dos requisitos mínimos de seguridade, a Deputación rematou prohibindo o tráfico de vehículos de máis de dez toneladas.*





*A consecuencia é a imposición de trabas na circulación dos vehículos afectos ás actividades económicas de unha boa parte dos veciños do termo municipal. Estes veciños observan cómo experimentan un incremento dos custes temporais e económicos de transporte e do movemento da maquinaria, repercutindo negativamente na produtividade, competitividade e rendabilidade das súas explotacións.*

*Outra consecuencia totalmente indesexable é a imposibilidade de que circulen pola ponte os autobuses, sinaladamente os vehículos de transporte escolar, de xeito que os cativos teñen que dar un rodeo de varios quilómetros para acudir á escola ou ás súas casas.*

*Á vista do anterior, o Grupo Provincial do Partido Popular propón ao Pleno do Concello de Outeiro de Rei, a adoptar o seguinte acordo:*

*1.- Instar á Deputación Provincial de Lugo para que, de xeito inmediato, proceda á redacción e execución dun proxecto de arranxo da Ponte de San Estebo, que permita que dita ponte se reabra ao tráfico rodado pesado e de autobuses en axeitadas condicións de seguridade”.*

Rematada a defensa da moción fai uso da palabra o concelleiro do BNG, don Xavier Molinos Campos, quen lamenta que un concello que ten coma lema “concello de futuro” non sexa quen de convocar un pleno telemático.

Solicita que no futuro se remita a documentación dos asuntos a tratar no Pleno conxuntamente coa convocatoria, xa que esta moción o venres no a tiñan tódolos concelleiros.

Anuncia que votarán a favor da moción, xa que o BNG é coherente coas súas propostas, coherencia da que adoce o PP. Recorda que neste mesmo pleno aprobouse unha acta na que constaba cómo o BNG presentou unha moción instando á Deputación de Lugo a arranxar as vías provinciais e cómo o PP votou en contra.

É dicir, na sesión plenaria anterior o PP votou e contra de instar á Deputación Provincial para que arranxase as vías provinciais e agora presenta unha moción instando a que a Deputación Provincial arranxe unha vía concreta.

Por tal motivo o BNG apoiará a moción, xa que coincide no fondo da moción, non así nas formas, que son esaxeradas e enganosas.

A concelleira do PsdG-PSOE fai a seguinte intervención:

“Chámanos moito a atención que vostedes, nuns momentos coma os que estamos a vivir presenten esta moción cando dende a oposición levamos presentadas mocións do BNG e preguntas por parte do meu Grupo do PSOE relacionadas co tema das vías e infraestruturas dependentes da Deputación e vostedes sempre se opuxeron a elas a pesar de ver e recoñecer que eran necesarias e urxentes as actuacións correspondentes. Refírome á Moción do BNG do 31 de outubro de 2019, que vostedes rexeitaron, e á Pregunta ao Pleno que esta voceira fixo o 27 de febreiro deste ano, que vostede contestou dun xeito pexorativo e, coma sempre, botando balóns fora.



Agora, sen embargo, chégannos cun asunto do que botan man quizais para agochar que non teñen ningún tipo de idea que levar adiante para solucionar os problemas que a COVID-19 trouxo, trae e, non dubiden traerá.

Vostedes esqueceron que tamén poden ser xeradores de ideas coas que colaborar para intentar sacar adiante esta situación canto antes. Tal e como queremos facer dende este grupo socialista: Darlles ideas do que poderían facer e non fixeron.

Miren: Está moi ben que repartan máscaras a domicilio da man dos seus apoderados e interventores nas eleccións, ou que ofrezan unha máquina de desinfección a residencia de maiores. Pero necesitamos máis.

Esta moción que vostedes presentan hoxe é un recheo para ocultar a ausencia de ideas fronte ao verdadeiro problema do noso mundo na actualidade. Esta ponte á que se refiren xa foi arranzada no 2016, cando estivo pechada ao tráfico durante varias samanas e hai uns meses en agosto do 2019, a Deputación, fixo obras por valor de 10.000 €.

Si o tráfico está limitado.

Hai pouco, de feito, na Voz de Galicia con data 17/12/2019, os vecinos da xona denunciaron que as empresas madeiras danan a Ponte de Uríz xa que circulan por ela con pesos superiores a 10 toneladas.

A pesar de que me falta información técnica sobre o estado verdadeiro desta ponte, hoxe vou apoiar esta moción, voulles dar o meu voto a favor, o memo que no Pleno do 31 de outubro aprobei a que presentou o BNG para pedir a Deputación o arranxo da LU-P-3906 e LU-3907 e á que vostedes votaron en contra por considerar que se tería que pedir un arranxo de todas as vías e non só de aquelas.

Está claro que vostedes utilizan os problemas da cidadanía para o seu propio beneficio político. Non pensaron entón en solucións e hoxe tampouco.”

O voceiro do PP insiste en que do outro lado do río pode producirse madeira, pero iso non serve de nada sin non se pode sacar de alí, e o sitio natural por onde ten que sacarse é pola ponte de San Estevo ou Ponte de Uriz como dí vostede.

E namentras isto siga así dá igual que a Deputación invirta 16.000 euros ou o que sexa, xa que non presta servizo a quenes o necesita. Tamén o Concello gasta moitos cartos cada ano en manter as estradas e non prohibimos aos veciños circular por elas para que non as estraguen.

Esta moción trata de que os nosos veciños poidan seguir a producir e a xerar economía. A manter a actividade económica que é o sustento dos nosos veciños.

En relación á moción presentada polo BNG, asegura que a Deputación Provincial ten as vías provinciais que discurren por este concello nun estado lamentable. Tal é así que impide nalgures o



tránsito rodado. Por tal motivo non pode apoiar que se fagan certas melloras importantes nunha concreta vía provincial namentres as restantes están intransitables.

A moción presentada polo BNG non priorizaba entre actuacións imprescindibles e outras que non o son, motivo polo cal non a puido aprobar.

Insiste en que é obriga da Deputación o amañar a Ponte de xeito que permita o tránsito de vehículos de máis de dez toneladas, e que non é serio limitar a tonelaxe para aforrar os cartos necesarios para amañala.

O concelleiro do BNG cree que algúns seguen na trincheira política e que non están pola labor de debater e chegar a acordos. Afirmar tamén que a moción contén falsidades, xa que non é certo que no outro lado do río viva o 30% da poboación. Tampouco é certo que non houbera ningunha actuación de conservación, xa que a compañeira acaba de mostrar cómo fai pouco invertíuse 16.000 euros na ponte e cómo fixéronse outras actuacións de limpeza. Por iso asegura que debe ser riguroso e advirte que o BNG non entrará no xogo de acusacións que se traen o PSOE e máis o PP.

A voceira do PsdG-PSOE salienta que neste pleno deberíanse falar dos problemas de Outeiro de Rei e descoñece porqué o Alcalde está continuamente a falar do Goberno do Estado.

Fai uso da palabra o voceiro do PP, quen recorda que esta moción versa exclusivamente sobor os problemas de Outeiro de Rei a pesares do cal o concelleiro do BNG arrancou a súa intervención falando do COVID.

O Concelleiro do BNG nega iso, e recórdalle que falaba da necesidade de facer o pleno telemático así coma dos gastos en publicidade, que é o que lle molestou ao Alcalde.

O Alcalde resposta que iso non lle molesta, e recórdalle que cando o BNG gobernou a Deputación co PSOE gastaba moito máis en publicidade que en servizos sociais.

Tras unha chamada ao orde do Alcalde para que non interrompa a súa intervención o concelleiro do BNG, considerando que dita chamada ao orde contén alusións persoais, abandona a sesión. A continuación abandonan a sesión os restantes concelleiros do BNG e máis a concelleira do PsdG-PSOE.

Rematado o debate sométese a votación a aprobación da moción.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as quince horas, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde

